



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Contratación de persoal laboral fixo derivada do proceso de selección para ocupar unha praza de traballador/a social, a xornada completa, praza incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización*

#### ANUNCIO

**CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DERIVADA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, A XORNADA COMPLETA, PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN, APROBADA AO ABEIRO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO**

Polo presente faise público, en cumprimento do previsto na Base 14ª das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición (BOP Coruña núm. 246 de data 29.12.2022), que con data 31.01.2025 foi ditada a Resolución de alcaldía núm. 2025-0113, que a continuación se transcribe en extracto, parte resolutiva:

“.../

1º.- Que se proceda á formalización, con María Isabel Ríos Paz, DNI \*\*\*3077\*\*, do correspondente contrato de traballo en réxime laboral indefinido a tempo completo, con cláusulas específicas da conversión de contrato temporal en contrato indefinido, sen bonificación, coa denominación de Traballador/a Social, asimilada á Escala de Administración Especial, subescala Técnica, Grupo A, Subgrupo A2, con cargo ás partidas 231/13000, 231/13002 e 231/16000, do orzamento vixente, prorrogado do ano 2022.

2º.- Publicar no BOP, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e de forma complementaria na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>) a resolución de contratación de María Isabel Ríos Paz, con DNI \*\*\*3077\*\*, como Traballador/a Social, asimilada á Escala de Administración Especial, subescala Técnica, Grupo A, Subgrupo A2.

3º.- A formalización do contrato terá lugar no prazo dun mes contado a partir da publicación da presente resolución de contratación no BOP.

4º.- Fixar a retribución mensual a percibir pola devandita traballadora tal como figura de seguido:

Retribucións brutas mensuais:

Categoría	Soldo	C.Destino (N 20)	C.especifico	Importe bruto total
Traballadora Social (xornada completa)	1.147,35	526,09	926,64	2.600,08

Retribucións Brutas Paga extra:

Categoría	Soldo	C.Destino (N 20)	C.especifico	Importe bruto total
Traballadora Social (xornada completa)	836,78	526,09	926,64	2.289,51

5º.- Notifíquese o presente acordo á interesada aos efectos oportunos.

6º.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos de intervención e tesourería municipais aos efectos oportunos.

7º.- Contra esta resolución poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente interpoñer.”

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde Accidental, D. José Miguel Mahía Prados, en data 31 de xaneiro de 2025 (Delegación de funcións R.A. 2025-0093, de data 30.01.2025).

2025/666